



UNHA PRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

★★★★

UN HOTEL DE PRIMEIRA SOBRE O RÍO

de Xohana Torres
dirección e dramaturxia **Gonçalo Guerreiro e María Torres**

O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Axencia Galega das Industrias Culturais.

Centro Dramático Galego

Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 881 867 229
centro.dramatico.galego@xunta.gal
www.centrodramatico.gal
📍 cdg.salonteatro
📷 cdg.salonteatro
📺 centrodramatico

Comunicación

Axencia Galega das Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Edificio Centro de Emprendemento
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073 / 092
prensa.agadic@xunta.gal
www.agadic.gal
📍 agadic
📷 industriascultrais
📺 agadicvideos

UNHA PRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

★★★★

UN HOTEL DE PRIMEIRA SOBRE O RÍO

de Xohana Torres

dirección e dramaturxia **Gonçalo Guerreiro e María Torres**



Índice

<i>Si, pero non así</i> , Fran Núñez.....	05
<i>Vellas baladas e ritmos novos</i> , Gonçalo Guerreiro e María Torres.....	07
Ficha artística.....	08
Funcións.....	09
Sinopse.....	10
Dirección e dramaturxia.....	12
O elenco.....	16
O equipo artístico.....	24



Si, pero non así

Fran Núñez | Director do Centro Dramático Galego

Ás veces atopamos cousas fóra do seu tempo. Elementos que non son comprendidos no seu contexto inicial e que precisan de tempo para encaixar. Din que cada xeración que revisita un clásico o que fai é, dalgún xeito, resucitalo. Neste caso, este é un clásico por dereito propio, pero non fixo falta resucitalo co noso ollar actual. É máis actual no noso presente ca na época en que se escribiu. Quizais por iso nunca se presentou profesionalmente en Galicia ata hoxe, case 50 anos despois da súa escrita.

Como teatro público de todos os galegos e as galegas, o Centro Dramático Galego tiña unha débeda histórica coa sociedade e con Xohana Torres. Coa sociedade, por non ofrecerlle en escena ningún texto da autora e coa autora, por deixar nun caixón os seus textos. O teatro é tamén un xénero literario, pero para nós é escena, palco, acción. E iso é o que o público vai atopar neste espectáculo. A poética dos textos de Xohana Torres da man do traballo escénico de María Torres e Gonçalo Guerreiro cobra unha relevancia excepcional.

Falamos de poesía, de plástica, de son, de acción, porque o teatro é unha suma de artes. É o encontro coa cidadanía para falar do noso presente. Hoxe toca falar de como usamos o noso territorio. De como vivimos. De onde vivimos. Hai unha volta ao rural, pero como, cando, con que, para que e, sobre todo, para quen. A historia de Ruth, a protagonista, é unha historia en presente. A historia das que decidiron quedar, a historia das que decidiron marchar lonxe para non volver, a das que queren outra vida na cidade, a das que queren tirar proveito do que non lles corresponde. A historia das que queren melloras para o seu pobo, pero sen perder o seu pobo. Das que din si, pero non así.

O sitio onde nacín, Santo André de Comesaña, no lugar da Igrexa, está afectado por un PERI para facer unha urbanización de chalés acaroados dende que teño uso de razón. Por iso non se poden reformar as casas, seica. Por iso non se poden facer moitas cousas. E hai na parroquia quen desexa que veña o PERI. Para uns é coma se viñese o lobo, para outros, como se viñesen os Reis Magos. Hai quen quere un portal automático e quen quere seguir coma sempre. Hai quen quere os cartos para mercar un piso e quen morrería sen a tira de horta detrás da casa. Hai quen xa non vive alí e só quere vender a casa e as leiras. Como diría o noso ilustre veciño Avelino González, en Santo André de Comesaña hai de todo, coma en Nova York. Incluso hai xente, coma min, que prefire seguir sen portal automático e pasar o traballo de baixar do coche para abrillo, aínda que chova a mares. Haiche de todo. En todas as partes.

Vellas baladas e ritmos novos

Gonçalo Guerreiro e María Torres | Dirección

Adaptación

Mergullarnos na escrita de Xohana Torres e nos temas que atravesamos a peza permitiunos entender mellor o contexto sociocultural galego dos anos 60 e tomar consciencia da importancia do labor realizado pola autora, coidando e nutrindo a nosa lingua, tornándose referente en feminino e fonte de inspiración.

A riqueza teatral de *Un hotel de primeira sobre o río* está fortemente impregnada da obra poética de Xohana e iso fai que o desafío da adaptación sexa o de revisitar ambos universos desde unha perspectiva contemporánea e sen perder nunca de vista a acidez, a ironía e o drama.

A pesar das numerosas modificacións que a adaptación implicou, cremos non deixar fóra ningún dos matices que lle dan corpo e esencia ao texto. Mantivemos os personaxes estruturantes e respectamos a narrativa dramática, pero engadimos un punto de vista persoal sobre o activismo ecoloxista asociado ao movemento neorural a través dun novo personaxe: Silvia Ledo Limia.

Os parlamentos esenciais dos personaxes dos que prescindimos foron absorbidos no discurso doutros e sentimos aínda a necesidade de completar a escrita nalgúns dos personaxes existentes por cuestións de coherencia dramatúrxica, sempre tentando non romper o estilo persoal de Xohana Torres.

Onde hai asumidamente unha fractura clara é nos textos de Silvia. Estes teñen unha estrutura, un estilo e un vocabulario que pretende provocar os restantes textos da peza a través do seu contido urbano e coloquial. Grazas a estas diferenzas temporais e estilísticas, creamos unha relación directa entre a forma en como se interpretaba a ruralidade hai 55 anos e os puntos de vista actuais.

A nivel temático as pistas para percorrer foron claras. Limitámonos a continuar explorando os camiños trazados pola autora: a especulación urbanística, a sobreexplotación dos recursos naturais, a emigración, o feminismo, a posta en valor do traballo da xente do mar, o apego á terra e o éxodo rural. Todos e cada un destes temas continúan presentes na nosa sociedade hoxe en día, o que pon en valor o carácter visionario de Xohana, que anticipou as grandes crises e as temáticas protagonistas do século XXI.



Posta en escena

A nosa posta en escena pretende cuestionar o rural, o urbano, o progreso e a tradición de xeito que evoquen argumentos que favorezan o debate. Cremos que a cuestión do éxodo rural que estrutura o texto se agravou substancialmente desde que foi escrita a peza, polo que son precisas medidas contundentes para frealo. Coñecemos en primeira persoa o feito de abandonar unha grande metrópole en busca dunha vida achegada á natureza, mais entendemos que é igualmente lexítimo trocar o campo pola cidade na procura de estímulos novos e dun certo mimetismo protector. Paralelamente, o turismo non ten porque aniquilar a tradición e a cultura pode coexistir co lecer. A cuestión é encontrar modelos de xestión política consciente que respecten os ecosistemas, que prioricen as necesidades das persoas e o seu benestar. Esperamos que a nosa visión de *Un hotel de primeira sobre o río* axude a afondar no cuestionamento, no detalle e na argumentación.

Escenografía

A nosa práctica artística baséase nunha forte relación do corpo co espazo e o obxecto, onde o primeiro funciona como unha figura que necesita un fondo do cal se poida destacar, asumindo unha herdanza directa das artes visuais. O elemento fundador é sempre un dispositivo escenográfico habitado polas referencias espaciais onde os corpos poidan existir. Dentro desta lóxica estrutural, a escenografía de *Un hotel de primeira sobre o río* xorde motivada pola concretización do mundo emocional da protagonista da peza, Ruth Soar, os seus medos, as súas fantasías, as súas angustias e as súas fragilidades. O espazo escénico está deseñado de xeito que poña en risco o equilibrio e a estabilidade para levar as actrices e os actores a asumir unha consciencia permanente da relación da palabra co xesto e do perigo que representa estar en escena.

Ficha artística

Texto de **Xohana Torres**

Dirección e dramaturxia: **Gonçalo Guerreiro** e **María Torres**

Elenco

Iván Davila
Raquel Espada
Sofía Espiñeira
Merche Pérez
Nicolás Otero
Pablo Sánchez
Lidia Veiga

Equipo artístico

Textos complementarios
Escenografía
Vestuario e produción de arte
Composición musical
Iluminación
Asistencia de produción
Asistencia de dirección en xira

María Torres
Gonçalo Guerreiro
Carolina Díquele
Manuel Fonte Loureiro
Nacho Martín
José Díaz
Laura R. Duarte

Realizacións

Escenografía e *attrezzo*
Vestuario
Coordinación e corrección de textos | Asesoría lingüística
Fotografías e vídeos
Deseño gráfico
Accesibilidade LSE
Audiodescripción
Programa accesible

Equipo técnico do CDG
Equipo técnico do CDG
Rosa Moledo

Miramemira
Trisquelia
Lucía Marcos Sanz
Salomé Iglesias Gil
FADEMG-Plena Inclusión

Centro Dramático Galego

Dirección
Produción
Secretaría de dirección
Xestión
Comunicación

Publicacións

Fran Núñez
Francisco Veiga
Susana Caamaño
Paula Agulló
Ana Miragaya e Ana Rosales
Marcelina Calvo

Equipo técnico

Técnico de iluminación
Asistente de iluminación
Técnicos de son

Encargado de estrutura escénica
Tremois

Auxiliar de imaxe e son
Encargado de talleres
Xastra
Limpeza

Juanjo Amado
Biqui Cabado
Antonio G. Budiño
e Guillermo Vázquez
Salvador Forján

Antonio Mayo, Óscar Ortega, Xaquín Rei, René Rodríguez, Suso Rodríguez e Elixio Vieites
Juan Carlos Pacios
Fernando Rodríguez
María Negreira
Marisol Pérez

Agradecementos

José Manuel González Sanmartín, Roi Vidal, Isabel Novo Castro, María Paredes Rodríguez e familia de Xohana Torres.

Funcións

Santiago de Compostela

Estrea	Venres 31 de marzo ás 20.00 h
Temporada no Salón Teatro	Do 31 de marzo ao 30 de abril
Funcións	De mércores* a domingo
Horarios	Mércores ás 18.00 h Xoves, venres e sábados ás 20.00 h Domingos ás 18.00 h
*Funcións descontráidas	Todos os mércores ás 18.00 h. Unha sesión cunha atmosfera acolledora e con máis tolerancia respecto do ruído e movemento no patio de butacas. Cun prezo especial de 6 euros. Destinada ás persoas que buscan un ambiente máis relaxado que o dunha representación teatral ao uso, así como ás que poidan sentirse máis cómodas nese contorno, como aquelas con déficit de atención, deficiencia intelectual, espectro autista ou deficiencias sensoriais, sociais ou de comunicación.

Venda de entradas

Despacho de billetes no Salón Teatro	Dúas horas antes de cada función						
Venda anticipada en liña	Ataquilla.com						
Prezo das localidades	10 euros						
Descontos	<table><tr><td>40 %</td><td>Persoas estudantes, xubiladas, maiores de 65 anos, usuarias do carné xove, desempregadas, familias numerosas, grupos a partir de 10 persoas, xornalistas, profesionais das artes escénicas e membros da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC).</td></tr><tr><td>3x2</td><td>Se traes dúas persoas, invitámoste ao teatro (só no despacho de billetes do Salón Teatro).</td></tr><tr><td>40 %</td><td>Día do Espectador (domingo): 6 euros.</td></tr></table>	40 %	Persoas estudantes, xubiladas, maiores de 65 anos, usuarias do carné xove, desempregadas, familias numerosas, grupos a partir de 10 persoas, xornalistas, profesionais das artes escénicas e membros da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC).	3x2	Se traes dúas persoas, invitámoste ao teatro (só no despacho de billetes do Salón Teatro).	40 %	Día do Espectador (domingo): 6 euros.
40 %	Persoas estudantes, xubiladas, maiores de 65 anos, usuarias do carné xove, desempregadas, familias numerosas, grupos a partir de 10 persoas, xornalistas, profesionais das artes escénicas e membros da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC).						
3x2	Se traes dúas persoas, invitámoste ao teatro (só no despacho de billetes do Salón Teatro).						
40 %	Día do Espectador (domingo): 6 euros.						

Xira

VIGO. Teatro Afundación. 4 de maio
PÓVOA DE VARZIM (Portugal). Garrett Theatre. 6 de maio
VIMIANZO. Casa da Cultura. 7 de maio
LUGO. Auditorio Municipal Gustavo Freire. 11 de maio
O BARCO DE VALDEORRAS. Teatro Municipal Lauro Olmo. 12 de maio
OURENSE. Teatro Principal. 16 de maio
NARÓN. Pazo da Cultura. 19 e 20 de maio
A CORUÑA. Teatro Rosalía Castro. 21 de maio
(As datas e lugares poden ter algunha variación. Pregamos consultar carteleiras locais actualizadas)

Duración: 1 hora e 40 minutos.
Espectáculo recomendado para maiores de 12 anos.



Sinopse

A especulación urbanística, a depredación do medio natural ou o desarraigo son algúns dos temas arredor dos que xira Un hotel de primeira sobre o río, que desprega en tres actos a historia de Ruth, quen vive e traballa nun val afectado por un proxecto urbanístico para construír un hotel cunha área recreativa. O espectáculo narra a presión exercida sobre a protagonista para que renuncie ás súas terras, á súa casa, á súa historia e ás súas raíces, evocando de xeito onírico e simbólico a dualidade entre a realidade e as fantasías da súa imaxinación. Un hotel de primeira sobre o río é o resultado do diálogo do texto orixinal co teatro de movemento, a danza, a música e as artes visuais. Cunha coidada composición estética e unha rigorosa investigación sobre xestos e imaxes, a peza convídanos a abordar diferentes xeitos de vivir no ámbito rural e a cuestionar a xestión dos recursos naturais.



Dirección e dramaturxia







Gonçalo Guerreiro

DIRECTOR E COAUTOR DA DRAMATURXIA

Gonçalo Guerreiro naceu en Lisboa pouco despois da Revolución de Abril. Aos 24 anos deixou Portugal e comezou unha longa viaxe por Europa que acabaría por traelo de volta ao Atlántico. Actualmente vive na provincia da Coruña, en Galicia.

É director de escena, escenógrafo, actor e director artístico de Elefante Elegante onde creou, interpretou e dirixiu, con María Torres, máis de vinte espectáculos ata o presente. Despois de cursar a carreira de Psicoloxía durante tres anos, foi admitido no Conservatorio de Lisboa onde concluíu o curso de formación de actores na Escola Superior de Teatro e Cinema. Diplomouse en Teatro de Movemento na École Lassaad, en Bruxelas. Pasou pola Real Escuela Superior de Arte Dramático de Madrid como bolseiro do Ministerio da Educación portugués. Estudou Commedia dell'Arte con Antonio Fava en Italia e Antropoloxía Teatral con Eugenio Barba en Polonia, Dinamarca e Portugal. Creou e dirixiu varios espectáculos para diferentes compañías en Bélxica, Galicia e Portugal. En 2021 gañou o premio María Casares ao Mellor Director con *A lingua das bolboretas*, de Sarabela Teatro.



María Torres

DIRECTORA E COAUTORA DA DRAMATURXIA

María Torres, con ascendencia da Fonsagrada e de Cuntis, naceu en 1975 en Palma de Mallorca e criouse na Coruña. Desde os 17 anos formou parte de diferentes formacións de teatro universitario, integrando tamén as compañías independentes Catrabucha Teatro e Teatro da Bufarda. A pesar do teatro, licenciouse en Ciencias Empresariais na Universidade da Coruña. En 1998 obtivo unha bolsa para realizar o primeiro posgrao en Arte Dramática organizado pola Universidade de Santiago de Compostela. Traballou como actriz en varias compañías galegas como Librescena Teatro, Espello Cóncavo, Trinke Trinke e Teatro do Alacrán. En 1999 iniciou unha viaxe por Europa que durou sete anos e que a levou a coñecer importantes mestres. Estudou Commedia dell'Arte en Italia e Teatro Antropolóxico con Eugenio Barba en Sevilla e en Polonia. Como bolseira da Deputación da Coruña diplomouse en 2002 na École Lassaad, en Bruxelas, que segue a pedagogía de Jacques Lecoq do estudo do movemento. Desde 2007 María Torres é actriz e codirectora de Elefante Elegante onde creou, interpretou e codirixiu máis de vinte espectáculos xunto a Gonçalo Guerreiro. As súas creacións foron recoñecidas con varios premios María Casares e xiraron por unha vintena de feiras e festivais a nivel estatal e internacional. Realiza labores de interpretación, dirección, escritura, produción e docencia. Colabora con outras compañías e institucións relacionadas coas artes escénicas e a educación.

0 elenco



Marcos leva toda a vida na aldea, acaso non ten dereito a experimentar unha vida diferente?

Antón representa a esperanza que se converte en melancolía.



IVÁN DAVILA

Comeza a súa formación nas Aulas de Teatro Universitario de Ourense, dirixidas por Sarabela Teatro. É Titulado Superior en Arte Dramática pola ESAD de Galicia, na especialidade de Interpretación Textual. Complementa a súa formación asistindo a diversos obradoiros impartidos por profesionais como Leo Bassi, Olivier Delamare, Carlos Sante, Alex Navarro, Dani Abreu, Blandine Calais, Vicente Fuentes, David Luque, Laia Oliveras, Bea Campos ou Raquel Queizás, entre outros. Con eles profundiza noutros aspectos da interpretación como o mimo, a danza, o *clown* ou a narración oral. Actualmente cursa un Máster en Estudos Avanzados de Teatro pola UNIR.

Como actor ten traballado para compañías como as galegas Limiar Teatro, Nelson Quinteiro ou a portuguesa Trigo Limpo Teatro. Nesta última tamén realizou tarefas de produción e axudantía de dirección.

Nos últimos anos desempeñase como *clown* hospitalario na Fundación Theodora e leva a cabo espectáculos de narración oral. Recentemente, fundou a compañía NegroLópez, coa que está de xira co espectáculo *Backstage*.

*Silvia é a loita, a rebeldía
e a liberdade que todas
amamos.*



RAQUEL ESPADA

Comeza a súa carreira de Arte Dramática na RESAD (Madrid) para posteriormente trasladarse a Galicia, finalizando os seus estudos na ESAD de Vigo (promoción 2011). Unha vez licenciada consegue unha bolsa de "Desenvolvemento e investigación de Estudos Artísticos", da Deputación da Coruña, e grazas a ela volve a Madrid e continúa os seus estudos.

Completa a súa formación audiovisual e teatral con numerosos cursos intensivos de voz, interpretación e corpo impartidos por Lorena Bayonas, Laila Ripoll, Alberto Velasco, Lida Otón, Ernesto Arias, Alfredo Sanzol, Pepe Viyuela, Juan Codina e Claudio Tolcachir, entre outros.

Conta con experiencia profesional teatral e audiovisual, sendo esta última destacada con dous premios como Mellor Interpretación Protagonista Feminina pola serie *Nadía en cuesta*, dirixida pola coñecida directora Chus Gutiérrez. Protagonizou durante tres anos a serie diaria *O Faro*, producida por Televisión de Galicia e a FORTA, que se emitiu en todas as canles autonómicas estatais e en catros países estranxeiros. No ano 2019 forma parte do elenco teatral na produción do Centro Dramático Galego *Neorretranca e Posmorriña*, e en 2020 da obra *O Charco de Ulises*, pola que é nomeada dúas veces aos premios de teatro María Casares como mellor actriz.

Actualmente forma parte do reparto artístico da coñecida serie *Cuéntame como pasó* e do elenco teatral na obra *O premio*, da compañía La Quintana Teatro.

A investidora é unha muller que ve o rural só dende unha óptica de beneficio económico, afastada emocionalmente de todo o que implica a cultura e realidades que alí conflúen e, consciente do seu poder, preséntase na peza cunha actitude cargada de cinismo, encamiñada á procura insaciable de acadar o seu obxectivo.



SOFÍA ESPIÑEIRA

Creadora e artista multidisciplinar. Dende 2015 desenvolve a súa traxectoria escénica arredor da música, o teatro, a danza e o circo, traballando en diversas compañías e proxectos propios. Amante das artes do movemento, pasa pola Escola Navarra de Circo e Circonove, formacións intensivas en danza contemporánea en Galicia e Cataluña, e disciplinas coma o claqué ou o teatro físico. Na música desenvolve o seu proxecto propio dende 2016, que leva o seu nome e nace co seu disco *Alá onde agroman as herbas*, con composicións orixinais da súa autoría.

Cun gran traballo autodidacta, xunto cunha formación continua nos diversos eidos, hoxe traballa en diversos proxectos en Galicia, levando adiante a súa propia compañía, Teatro ó Cubo, xunto a Roberto Casal, e o seu proxecto musical Sofía Espiñeira, que vén de ser premiado na categoría de Canción de autor/a dos Premios Martín Códax da Música 2022.

*A forza dunha raíz na
terra é máis poderosa do
que un pensa.*



MERCHE PÉREZ

Entre a danza, a música, a creación, o teatro e o audiovisual móvese a traxectoria artística de Merche Pérez.

En 2012, durante o 1º Congreso Internacional de Danza de Vigo, leva o Premio Coreografía Destaque, e ese mesmo ano recibe unha mención especial pola súa interpretación no traballo de *Nina* no IV Premio Ibérico de Interpretación Marta Sieiro (ESAD). En 2016 *30 e tantos ósos*, o seu primeiro traballo de fin de grao, leva o Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal. En 2017 *Política de Terra queimada*, o seu segundo TFG, abre o plan de residencias do Centro Dramático Galego en coprodución coa ESAD de Galicia, e é membro do Centro Dramático Nacional Laboratorio Rivas Cherif. En 2018 a súa coreografía *Las sin tinta, las sin pluma* queda subcampioa no Certame Nacional de Danza Vive tu Sueño. En 2021 é artista seleccionada pola revista dixital MujertArt nº3.



O investidor odia que o vento cambie o rumbo dos seus birdies, non hai nada peor que lle estraguen a partida de golf, gústalle gañar e o golf é un xogo caprichoso.

NICOLÁS OTERO

Formado en Arte Dramática pola ESAD de Galicia na especialidade de Interpretación Textual. Con experiencia profesional en teatro infantil, teatro de rúa, animación e cabaré.

Ademais de ampliar a súa formación no ámbito interpretativo con grandes profesionais como Fran Paredes, Montxo Armentáriz, Paloma de Pablo, Heidi Steinhart, Jesús Campos García..., na actualidade prosegue os seus estudos nas disciplinas de canto e danza oriental, tribal e tradicional.

Comeza a súa andaina teatral en 2013 na compañía Educateatro Producións na que segue en activo.

Dende 2014 comeza a investigar a figura do *Drag King* na visibilización da disidencia de xénero, arroupado pola compañía de teatro travestí e creación colectiva Marinita y sus Maromas.

Como traballo en solitario, destacan os espectáculos *O Gabinete de curiosidades*, de Nico Elsker, e *Contos Invertidos*, ademais de diversos *shows* de variedades dentro e fóra de Galicia.

No ámbito audiovisual debutou no filme *O Corpo Aberto*, de Ángeles Huerta.

O Comisionado, personaxe político, móvese por puro interese cun só obxectivo: saír beneficiado.



PABLO SÁNCHEZ

Estuda interpretación no Posgrao da USC, especializándose en teatro físico e movemento nas escolas Dell Arte (EE.UU.), Circomedia (UK) e Scuola Internazionale dell Atore Cómico (Italia). Asiste a múltiples formacións onde traballa en diferentes países e con diferentes profesionais: Carlo Boso, Claudia Contin, Antonio Fava, Josef Marcocy, Johnny Melville, Thomas Leabhart, Carlo Mazzone, Norman Taylor, Carlo Colombaioni, Eric de Bont, Leo Bassi, Key Goto... Empeza o seu traballo como actor en 1987 e dende entón colaborou con moitas compañías como Sardiña, Falcatrúa, Catrabucha, Trinke Trinke, Ollomol Tranvía, Berrobambán, Os Quinquilláns, Teatro Maltés, San&saN, Fantoches Baj, Caramuxo, Elefante Elegante, Ghazafellos, Pedras de Cartón, Molierensemblen (Suecia), Teatr Formy (Polonia)... Escribe, participa e dirixe numerosos espectáculos. Consegue o premio no Festiclown de 2003 con San&saN co espectáculo *Concerto Bífido* e o premio Escena Azul (Valencia) polo espectáculo *Muñekitous*. Destaca ademais o premio do Festival TAC (Valladolid) dirixindo o dúo de circo Lusco e Fusco e os Premios María Casares de 2017 e 2019, colaborando na dirección do corpo actoral con Elefante Elegante. En 2021 consegue con Pedras de Cartón o Premio no Certame Barroco Infantil no Festival de Teatro Clásico de Almagro. Coreografiou e dirixiu loitas escénicas en películas como *O Agasallo de Silvia*, *Sara*, e *Diario de un Skin* e tamén traballou como actor en diversas curtas, series e programas. Como formador e docente traballa en proxectos como Circusfusión, Escola de circo Pista 4, Máster de Estudos Audiovisuais na Coruña, Escola Universitaria de Ciencias da Educación, Escola Universitaria de Relacións Laborais, Escola de Teatro Físico e Clown Sanesan e Escola de Formación de actores e actrices de Narón.

*Inge foi e seguirá sendo
a voz das xeración emigradas,
daquelas que quedan para sempre
suspendidas no aire e no tempo.
Entre dúas terras en movemento.*

*Inge é unha muller, agora,
distinta. De moi lonxe.*

LIDIA VEIGA

Licenciada na ESAD de Galicia na especialidade de Interpretación Xestual, comeza de contado a participar nos seus primeiros proxectos audiovisuais, teatrais e pedagóxicos, arrancando así a súa carreira profesional. Nestes últimos anos traballou como actriz en diferentes obras de teatro, series, curtametraxes e filmes como *#Camiños*, da compañía ButacaZero, *O premio*, de Quintana Teatro, *A lei de Santos* ou *Método criminal* (series co producidas por Voz Audiovisual e a TVG), *Onde dormen as gaivotas*, *O que queda de nós* ou os documentais *Os Espazos en Branco* e *Mariví*, na pel da memoria que se estrearán este 2023, entre outros.

Durante estes anos recibiu premios á mellor interpretación feminina en diferentes festivais e estivo nomeada aos Premios Mestre Mateo como Mellor Actriz de Reparto. Traballa como profesora de teatro en diferentes asociacións culturais na súa vila natal e tamén se está iniciando como profesional no mundo da dobraxe e da radio con proxectos como a nova curta de animación de David Fidalgo *Sandwich Cat* ou a súa colaboración semanal no programa de radio *O Exército Mekemeke*. Así mesmo, acaba de rematar a rodaxe de *Los Argonautas*, serie infantil producida por Portocabo e Clan TV, e axiña a poderemos ver en filmes como *Matria*, *O patio* ou *Cando toco un animal* (a súa primeira longametraxe como actriz protagonista).

0 equipo artístico





Carolina Díguele

VESTIARIO E PRODUCCIÓN DE ARTE

Licenciada en Belas Artes na especialidade de pintura pola Universidade de Vigo. Logo de traballar sete anos no estudio de Purriños Fotógrafos (Vilalba), abriu en 2013 o seu propio taller de creación artesá, Coralín Colorado, nas Pontes, onde reside.

Achégase ao mundo das artes escénicas na escola de baile moderno, dirixida por Jaime Pablo Díaz, director tamén de Nova Galega de Danza. Alí comenza a súa colaboración no deseño de vestiario e montaxe de escenografías para o espectáculo de baile da escola. A comezos de 2020, xunto a Isabel O'Connor, elabora a escenografía para *Leira*, último traballo da compañía. Dende 2015 colabora co grupo de teatro *amateur* O Catre, coa compañía Trinke Trinke, coa productora audiovisual R3 e no proxecto de arte urbana *As Pontes EnPezas*, xunto a Isabel O'Connor, realizando instalacións tecidas, murais artísticos, escenografías e decoración de espazos efémeros. Colabora con Elefante Elegante dende 2017 nos espectáculos *Rueiro das liortas*, *Danza da choiva*, *Tropical*, *Patapatum*, *Dreaming Juliet*, *Cubo* e *Alma de Tigre*, encargándose nestes tres últimos da produción de arte e do deseño gráfico. En 2022 colabora con Óscar Cobos Compañía de Danza no deseño e elaboración do vestiario e a escenografía para o espectáculo *Bailador*, baixo a dirección artística de Jaime Pablo Díaz.

Paralelamente imparte clases de técnicas téxtiles e creación artística.



Manuel Fonte Loureiro

COMPOSICIÓN MUSICAL

Logo de formarse como técnico de son na Coruña, percorre Europa coa banda Chotokoeu facendo máis de 15 xiras autoxestionadas, producindo eventos como o *Vibra Balboa* ou *Noites de Luz* e acadando un premio Martín Códax. En 2018 funda o colectivo MOM no que explora eidos como o *videomapping*, a instalación artística e o deseño escénico. Alterna a súa faceta técnica en campos como o son, a luz e o vídeo coa creación artística, compoñendo bandas sonoras para compañías de circo, danza e teatro, nomeadamente Elefante Elegante, Ánxela Blanco, Sue moreno e Compañía iO.



Nacho Martín

ILUMINACIÓN

Nado en Bos Aires, Nacho Martín é titulado como Técnico Superior en Producción de Audiovisuais, Radio e Espectáculos pola Escola de Imaxe e Son da Coruña. Ten experiencia en diferentes disciplinas artísticas: música, iluminación, interpretación e produción.

No ano 2008 comeza a traballar en teatro como músico e técnico de iluminación en distintas compañías e festivais de teatro e danza de Galicia. Premiado no Festival internacional de teatro Vilniaus-Rampa (Vilnius-Lituania) a mellor Música Orixinal.

Desde o ano 2018 traballa con Elefante Elegante como responsable técnico realizando os deseños de Iluminación de *Patapatúm*, Premio María Casares ao Mellor Espectáculo Infantil- 2019, *Cubo* e *Alma de Tigre* e como músico/actor no seu espectáculo *Dreaming Juliet*.

Colabora como profesor coa Asociación La Quinta del Arte, que desenvolve proxectos de teatro inclusivo, destacando en 2018 *La Gran Boda 2.0* en colaboración co Centro Dramático Nacional.



Jose Díaz

ASISTENCIA DE PRODUCCIÓN

Tras rematar os estudos superiores de produción dedica unha década á produción e realización audiovisual. En 2007 funda a compañía Voadora, na que, ademais de produtor, desenvolve un constante traballo como creador, dramaturgo, intérprete e músico. Produce para outras compañías, entre as que destaca o Centro Dramático Galego, co que traballa en seis producións ao longo de trece anos. Entre as súas producións escénicas destaca a produción executiva da ópera contemporánea *Je Suis Narcissiste*, finalista á Mellor Estrea Mundial nos International Opera Awards, así como a produción propia *A amnesia de Clío*, primeira ópera de grande formato dende había un século en Galicia e en galego.

En 2023 funda o estudo de produción artística Fósforo, no que busca levar o talento artístico a outros campos como a docencia, o turismo ou o traballo social.

Dende hai vinte anos desenvolve en paralelo unha carreira como compositor facendo a música de máis de trinta espectáculos, cos que gañou en dúas ocasións o María Casares á Mellor Música Orixinal.

O seu labor dentro de Voadora foi recoñecido co Premio da Crítica de Galicia en 2013, no que o xurado destacou "o traballo realizado na procura de novos públicos, polas novas formas de produción e pola capacidade de unir diferentes sistemas culturais. Pero tamén pola capacidade de asumir riscos".



Laura R. Duarte

ASISTENCIA DE DIRECCIÓN EN XIRA

Estuda Comunicación Audiovisual en Santiago de Compostela e inicia os seus pasos no mundo teatral cursando interpretación na Escola de Artes Escénicas Pábulo, compaxinándoo cos seus estudos universitarios. Paralelamente comeza tamén no Festival Internacional de Títeres Galicreques, onde forma parte do persoal de axuda á produción.

Complementa os seus estudos cun posgrao en Xestión Cultural —tamén en Santiago de Compostela— onde realiza as súas prácticas na distribuidora Culturactiva, realizando tarefas de comunicación e produción no Festival Festiclow. Tras esta experiencia comeza en BenCuriosa, empresa dedicada a proxectos culturais e sociais vinculados ao eido dixital, na que foi responsable de produción.

Tamén traballa con compañías como Nauta e Escola Galega de Teatro Musical (EGTM), facendo distribución e sendo técnica de son e de iluminación.

Actualmente colabora con Elefante Elegante realizando labores de produción.





www.centrodramatico.gal

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg.salonteatro](https://www.instagram.com/cdg.salonteatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)